



BASES DO CAMPAMENTO DE CONCILIACIÓN VERÁN 2023 DO CONCELLO DE MIÑO

1.- Obxecto

O Concello de Miño pon en marcha o campamento de conciliación no verán 2023 para promover a igualdade e a socialización entre participantes. O fomento da igualdade de xénero é unha prioridade no campamento, xunto coa eliminación das desigualdades e a integración dos colectivos en risco de exclusión social. Abordaranse estes temas desde diferentes puntos de vista e con actividades transversais e específicas.

2.- Destinatarios

O campamento de conciliación está destinado a aquelas nenas e nenos nados entre os anos 2011 e 2019 (ambos inclusive) e que cumpran os seguintes **requisitos**:

- Empadroadas/os no Concello de Miño a 1 de marzo de 2023 ou fillas/os de persoas que acrediten ter un posto de traballo en Miño.
- Situación de activo laboral de ambos proxenitores ou titores legais.
- Horario de traballo de mañá ou de noite de ambos proxenitores ou titores legais de luns a venres.
- Ambos proxenitores ou titores legais sen vacacións no mes solicitado (valorarase a situación).

No caso de solicitantes con necesidades especiais, realizarase unha valoración en función de ditas necesidades, da capacidade do Concello de Miño, do funcionamento e da organización do campamento, para decidir se é viable ou non a súa participación.

De quedaren prazas valeiras valorarase a posibilidade de permitir a entrada a solicitantes que non cumpran os requisitos establecidos en función da capacidade do Concello de Miño e a organización e funcionamento do campamento.

3.- Descrición do Campamento

3.1.- Datas

O campamento divídese en catro quendas: **primeira e segunda quincena de xullo e primeira e segunda quincena de agosto.**

Poderanse solicitar as catro quendas pero darase preferencia a que tódolos solicitantes que cumpran os requisitos establecidos teñan concedido unha.

- Primeira quincena de xullo: do 1 ao 15
- Segunda quincena de xullo: do 16 ao 31
- Primeira quincena de agosto: do 1 ao 15
- Segunda quincena de agosto: do 16 ao 31



3.2.- Lugar

O campamento levaranse a cabo en dous espazos diferentes:

- Local Social de Bemantes
- Escola Unitaria de Xarío .

3.3.- Prazas

Ofértanse un total de 60 prazas cada quenda, marcándose un mínimo de 15 participantes para por en marcha o campamento en cada sede.

Os solicitantes poderán seleccionar un lugar de preferencia entre as dúas opcións dispoñibles, pero corresponde ó Concello de Miño a decisión do lugar de asistencia en base a criterios de proximidade e estrutura do grupo (idades, horarios, etc.).

3.4.- Horario

O horario de entrada pode verse modificado de oficio polo Concello de Miño en función das necesidades organizativas dos diferentes grupos, sempre antes do comezo da actividade.

Os horarios que se ofrecen son:

Entrada:

- o En calquera momento entre as 7.30 - 8.00 h.
- o En calquera momento entre as 8.30 - 9.00 h.
- o Ás 10.00 h.

Saída:

- o Entre as 13:45 e as 14:15 h.
- o Ás 15.30 h. Non hai servizo de comedor, polo que deberán traer a comida da casa coa posibilidade de quentalo no microondas.

4.- Preinscrición

O prazo de preinscrición para os dous meses é do **martes 15 de Maio ao domingo 28 de maio**. De quedaren prazas libres, poderanse apuntar unha vez finalizado o prazo.

A documentación complementaria a presentar coa preinscrición e a seguinte:

- DNI de proxenitores ou titores legais.
- Renda de ambos proxenitores ou titores legais do ano 2021 (presentada no 2022).
- Documento xustificativo do traballo de ambos proxenitores ou titores legais (un dos seguintes):
 - Vida laboral actual, recibo de autónomos actual ou nómina actual.
- Certificado de empresa co horario no mes solicitado de ambos proxenitores ou titores legais.
 - No caso de persoal autónomo, declaración xurada.



- Certificado de empresa coa data das vacacións no ano 2023 de ambos proxenitores ou titores legais.
No caso de persoal autónomo, declaración xurada.
- De ser o caso, certificado de empresa que acredite que o proxenitor/a ou titor/a legal traballa en Miño.
No caso de persoal autónomo, declaración xurada.
- Documentación xustificativa doutras situacións familiares.

Presentación telemática na Sede electrónica do Concello de Miño ou presencial no Rexistro municipal.

5.- Publicación da listaxe provisional e listaxe final

O luns **05 de xuño** publicarase na páxina web do Concello de Miño a **listaxe provisional** con aqueles solicitantes que aportaron toda a documentación e aqueles os que se lles require.

O prazo para alegacións será do martes **6 xuño ao luns 12 de xuño** ata ás 13.00 h.

- De existir menos solicitudes que prazas, adxudicaranse **directamente a todos aqueles que cumpran os requisitos.**
- De existir máis solicitudes que prazas, adxudicaranse ás prazas por criterio de renda.

O **mércores 21 de xuño**, publicarase a **listaxe coa adxudicación** de prazas e unha listaxe de reserva. O Concello de Miño gárdase a potestade de asignar directamente prazas previo informe de Servizos Sociais, por motivos de non exclusión ou necesidades específicas.

6.- Prazo de pago

O custo do campamento de conciliación réxese por prezo público, sen descontos aplicables. O pago realizarase mediante medios presenciais (auto liquidación ou con tarxeta de crédito no concello) ou por medios telemáticos (mediante transferencia) en calquera das seguintes contas bancarias, de titularidade municipal.

- ABANCA: ES63-2080-0087-72-3110000015
- BBVA: ES84-0182-4300-74-0000000041
- SANTANDER: ES41-0049-2950-38-1010038930
- LA CAIXA: ES06-2100-6309-98-0200000446

Na transferencia débese indicar claramente: Campamento Conciliación Miño Respira 2023, nome e apelidos da/o participante, o mes e quenda de asistencia e lugar onde se celebra.

O prazo de pago para cada quenda é do 21 ao 28 de xuño. Unha vez realizada a transferencia, débese facilitar o xustificante bancario o correo electrónico: **servizos.sociais@concellodemino.gal** con prazo máximo ata o 30 de xuño.

De non entregarse o xustificante bancario conforme o pago correctamente antes do prazo estipulado, implicará a perda da praza no campamento e a súa ocupación por un



Concello de Miño

Rúa A Carreira, 38 - 15630 Miño

ÁREA: SERVIZOS SOCIAIS

EXPTE: 2023/S012/000001

integrante da listaxe de reserva.

7.- Renuncia a praza e devolución do importe

Unha vez adxudicadas ás prazas e realizado o pago só se executará a devolución do importe no caso de razón médica debidamente xustificada por informe médico e no caso de producirse antes do comezo do mes.

En Miño, na data da sinatura electrónica

O alcalde

Asdo.- Manuel Vázquez Faraldo